

Caderno da crítica

Libros e lecturas. Blogue de Ramón Nicolás



Tag Archives: *X.H. Rivadulla Corcón*

Os papeis do vagabundo, de X.H. Rivadulla Corcón

Enviado o [4 febreiro 2011](#)

Os papeis do vagabundo

X.H. Rivadulla Corcón

Espiral Maior, Culleredo, 2010, 88 páxs., 14 €



Un mariñeiro que a vida na posguerra converteu en vagabundo trócalle cafés por poemas á dona dunha taberna do barrio coruñés de Monte Alto. Aquela muller, destinataria dos textos, custodiounos ata a morte nunha caixa que agora [Rivadulla](#) abre, para exhumar os poemas e poñelos tras un fermoso prólogo seu que vén sendo unha novela minimalista. O recurso aos vellos manuscritos non é nada novo mais “se non é vero, é ben trovato”. Os poemas, transparentes e sinxelos, de saibo mariñeiro, teñen un aquel sentimental e enlázanse coas consecuencias da guerra civil, ao tempo que axudan a explicar os mouros días daquel vagabundo.

Recensión publicada na sección "recomendacións" de [La Voz de Galicia](#), o 31 de xaneiro de 2011.